

Un. O punto 4 do artigo 10 queda redactado como segue:

«4. A contía do salario medio anual do conxunto de declarantes do imposto, a que se refire o artigo 17.2.a) da Lei do imposto, será de 20.500 euros.»

Dous. O punto 1 do artigo 83 queda redactado como segue:

«1. Con carácter xeral, a cota de retención obtense aplicando á base para calcular o tipo de retención, sempre que esta sexa positiva, as porcentaxes que se indican na seguinte escala:

Base para calcular o tipo de retención Ata euros	Cota de retención Euros	Resto base para calcular o tipo de retención Ata euros	Tipo aplicable Porcentaxe
0,00	0,00	4.161,60	15
4.161,60	624,24	10.195,92	24
14.357,52	3.071,26	12.484,80	28
26.842,32	6.567,00	19.975,68	37
46.818,00	13.958,00	En adelante	45»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2006.

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

21614 *REAL DECRETO 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único.* («BOE» 313, do 31-12-2005.)

O Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CEE) n.º 2019/93, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 1453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) n.º 1868/94, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 1254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) n.º 2358/71 e (CE) n.º 2529/2001, ofrécelles aos Estados membros a opción de aplicación parcial de determinados pagamentos directos mediante a retención dunha porcentaxe de determinados pagamentos incluídos no réxime de pagamento único, para darlles unha axuda adi-

cional aos agricultores vinculada ás súas decisións de produción.

A Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social establece, no seu artigo 120, a aplicación en todo o territorio a escala nacional do réxime de pagamento único previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

En aplicación do artigo 64 do mencionado regulamento a aplicación parcial adoptada en España afecta os seguintes pagamentos directos: pagamentos por cultivos herbáceos de acordo co artigo 66, pagamentos por gando ovino e caprino de acordo co artigo 67, pagamentos por gando vacún segundo o artigo 68. Os pagamentos a favor do lúpulo inclúense na súa totalidade dentro do réxime de pagamento único. A aplicación facultativa para tipos específicos de actividades agrarias e a calidade de produción, de acordo co artigo 69, adóptase para os sectores do algodón, tabaco, prima láctea e pagamentos adicionais e vacún de carne.

Decídese utilizar a excepción facultativa do artigo 70 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, para excluír do réxime de pagamento único o sector das sementes e os pagamentos directos incluídos no anexo VI do dito regulamento concedidos no período de referencia a agricultores en relación coas explotacións ou parcelas situadas na Comunidade Autónoma de Canarias.

No que respecta aos importes correspondentes á prima láctea e aos pagamentos adicionais establecidos respectivamente nos artigos 95 e 96 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, a partir da entrada en vigor do réxime de pagamento único, quedarán incluídos neste.

O artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, establece as condicións que deben cumprir os agricultores para se poderen acoller ao réxime de pagamento único. A Orde APA/1171/2005, do 15 de abril, sobre actualización de datos e identificación de agricultores para a aplicación do réxime de pagamento único, establece o procedemento para que os agricultores teñan a oportunidade de actualizar os datos persoais e os relativos á súa explotación. Non obstante, cómpre considerar outros casos que se puidesen producir con posterioridade e establecer o procedemento para a asignación de dereitos, tanto aos agricultores anteriormente mencionados, como a aqueles que soliciten dereitos da reserva nacional.

De acordo co disposto nos artigos 37, 40, 42, 53 e 62 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, establécense as normas para o cálculo dos diferentes tipos de dereitos de axuda seguindo as especificacións que para iso se establecen no Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, que establece disposicións de aplicación do réxime de pagamento único previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, polo cal se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores.

Co fin de atender as situacións previstas no artigo 42 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e no capítulo 2 e na sección 3 do capítulo 3 do Regulamento n.º (CE) 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, cómpre constituír unha reserva nacional e establecer, conforme o disposto para tales efectos nos ditos regulamentos, a porcentaxe de redución que se aplicará sobre os importes de referencia o primeiro ano de aplicación e os importes que deban reverter á mencionada reserva en determinadas circunstancias. Así mesmo, e tendo en conta que o acceso a dereitos procedentes da reserva nacional pode estar limitado ás disponibilidades do momento, establécense, de acordo co disposto nos

regulamentos anteriores, os criterios de asignación daqueles.

Sobre os compromisos que adquiren os titulares de dereitos con respecto ao mantemento destes, establécense as normas de utilización para cada un dos tipos de dereitos de axuda previstos.

Con obxecto de garantir unha correcta xestión do réxime dispóñense as normas de aplicación para a cesión dos dereitos de axuda así como os prazos de notificación das ditas cesións á autoridade competente. Igualmente concréntanse os aspectos específicos concernentes aos contratos de arrendamento.

Para os efectos do descrito no parágrafo anterior e en aplicación do disposto no artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, establécense as normas para a aplicación de retencións a favor da reserva nacional en certos casos de venda ou arrendamento.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de decembro de 2005,

DISPÓN O:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto establece normas básicas para a aplicación en España, a partir do 1 de xaneiro de 2006, do «Réxime de pagamento único», establecido no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axudas aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CEE) n.º 2019/93, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 1453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) n.º 1868/94, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 1254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) n.º 2358/71 e (CE) n.º 2529/2001, así como nas disposicións de desenvolvemento e aplicación deste.

Artigo 2. *Definicións.*

Ademais das definicións establecidas na normativa comunitaria serán de aplicación as seguintes:

a) Réxime de pagamento único: enténdese por réxime de pagamento único a axuda á renda para os agricultores recollida no artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e que engloba as axudas recollidas no anexo I deste real decreto.

b) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas para a tramitación, resolución e pagamento das axudas a que se refire este real decreto.

Artigo 3. *Aplicación parcial e facultativa.*

1. De acordo co establecido no artigo 120 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, intégranse no pagamento único as liñas de axuda e porcentaxes de disociación de cada unha das axudas que se detallan no anexo I deste real decreto.

2. Utilizarase a aplicación parcial establecida na sección 2 do capítulo 5 do título III do Regulamento (CE) n.º

1782/2003 do Consello, nas opcións e sectores a que se refiren os seus artigos 66a), sobre pagamentos por cultivos herbáceos, 67, sobre pagamentos por gando ovino e caprino, e 68.1 e 68.2.a) sobre pagamentos por gando vacún.

Ademais, para os efectos do pagamento adicional, aplicarase o artigo 69 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, nos seguintes sectores e porcentaxes de retención:

- Algodón, un 10 por cento.
- Tabaco, un 5 por cento.
- Prima láctea e os pagamentos adicionais, un 10 por cento.
- Pagamentos por gando vacún, un 7 por cento.

De acordo co artigo 64 do citado regulamento aplicarase o límite máximo que estableza a Comisión Europea para cada un dos pagamentos directos mencionados no parágrafo anterior, segundo os criterios e decisións que, se é o caso, se adopten.

3. Para o sector do aceite de oliva, de acordo co establecido no punto H do anexo VII do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, auméntase o coeficiente de 0,6, a que se refire o anexo VII do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, resultando a porcentaxe expresada no anexo I deste real decreto.

4. O importe derivado da prima láctea e os pagamentos adicionais recollidos nos artigos 95 e 96 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, inclúense no réxime de pagamento único.

5. En aplicación do artigo 70 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, número 1.a) segundo e número 1.b) exclúese do réxime de pagamento único a axuda ás sementes, así como todos os pagamentos directos incluídos no anexo VI do citado regulamento concedidos no período de referencia aos agricultores da Comunidade Autónoma de Canarias.

CAPÍTULO II

Introdución ao réxime

Artigo 4. *Admisibilidade ao réxime de pagamento único e solicitude de admisión.*

1. Poderanse acoller ao réxime de pagamento único os agricultores a que fan referencia os artigos 33 e 40 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, que se encontren nalgún dos tres casos seguintes:

a) Agricultores identificados segundo a Orde APA/1171/2005, do 15 de abril, sobre actualización de datos e identificación de agricultores para a aplicación do réxime de pagamento único.

b) Agricultores que, non estando identificados segundo a Orde APA/1171/2005 do 15 de abril, reciban unha explotación ou parte dela dun agricultor dos sinalados na letra a).

c) Agricultores que teñan dereito a recibir a asignación de dereitos con cargo á reserva nacional.

2. As comunidades autónomas comunicaranlles aos agricultores identificados mediante a Orde APA/1171/2005, do 15 de abril, un mes antes da data límite para a presentación da solicitude de admisión ao réxime de pagamento único, por calquera das formas posibles que permitan a estes o coñecemento dos seus propios datos, unha solicitude de admisión ao réxime de pagamento único que conteña polo menos a seguinte información:

- O importe de referencia.

- b) O número de hectáreas.
- c) O número e valor dos dereitos de axuda provisionais.

3. O ano 2006, primeiro ano de aplicación do réxime de pagamento único, todos os agricultores deberán solicitar a súa admisión a este no prazo que se estableza para a presentación da solicitude única.

Os agricultores poderán solicitar a admisión ao réxime de pagamento único ao mesmo tempo que soliciten o cobramento do pagamento único mediante a solicitude única. Non obstante, os agricultores que non soliciten o cobramento do pagamento único en 2006 deberán solicitar a admisión no dito réxime e acreditar á satisfacción da comunidade autónoma que son agricultores segundo a definición da letra a) do artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

4. Os agricultores que soliciten dereitos da reserva nacional deberano facer ao mesmo tempo que presentan a solicitude de cobramento do pagamento único incluída na solicitude única.

5. A solicitude de admisión ao réxime de pagamento único deberase presentar nas datas e lugares establecidos para a presentación da solicitude única. No caso de que a comunidade autónoma en que se debe presentar a solicitude única non coincida coa que realizou a comunicación dos dereitos provisionais, deberase entregar unha fotocopia do dito documento xunto coa solicitude única.

6. Salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais incluídas no artigo 7 da Orde APA/1171/2005, do 15 de abril, non se concederán dereitos definitivos de axuda se non se solicita a admisión ao réxime de pagamento único.

Artigo 5. *Cálculo dos dereitos de axuda.*

1. O importe de referencia provisional calcularase para os agricultores a que se refire o artigo anterior deste real decreto, de conformidade co previsto nos artigos 37, 40, 42, 53 e 62, así como no anexo VII do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, coas especificacións establecidas no anexo IV.

2. Os importes de referencia provisionais de todos os agricultores acollidos ao réxime de pagamento único estarán afectados polas limitacións e reducións establecidas nos artigos 41 e 42 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e demais disposicións aplicables.

3. A superficie forraxeira que se considerará para o establecemento dos dereitos provisionais de axuda será a declarada polo agricultor no ano 2005.

Non obstante, para os efectos do establecemento definitivo dos dereitos de axuda, o agricultor poderá solicitar que se utilice a superficie forraxeira do período de referencia de acordo co previsto no artigo 28.2 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, que establece disposicións de aplicación do réxime de pagamento único previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores.

4. Os dereitos de axuda de pagamento único provisionais calcularanse de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e no Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

5. Os agricultores que realizaron retirada obrigatoria, en virtude do previsto no artigo 6.1 do Regulamento (CE) n.º 1251/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establece un réxime de apoio aos produtores de determinados cultivos herbáceos, de parte das terras da súa explotación no período de referencia, obterán

dereitos de retirada dividindo o importe medio trienal correspondente ao pagamento por retirada obrigatoria, calculado e axustado consonte o anexo VII do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, entre a media trienal de hectáreas retiradas obrigatoriamente da produción.

6. Os produtores con dereito a algún dos pagamentos a que se fai referencia no artigo 47 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e que non posúan hectáreas, recibirán dereitos de axuda supeditados a condicións especiais de acordo co artigo 48 e seguintes do mencionado regulamento.

7. Aplicaranse os artigos 13.4 e 18.2 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, cando simultaneamente o agricultor iniciase a súa actividade ou recibise unha herdanza, se encontre en situación de forza maior ou circunstancias excepcionais das previstas no artigo 40 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, ou deba recibir dereitos da reserva nacional sobre as mesmas unidades de produción.

Artigo 6. *Asignación dos dereitos de axuda provisionais e definitivos.*

1. Por dereitos de axuda entenderase cada unha das fraccións que resultan de dividir os importes de referencia dos cales un agricultor debe ser titular durante o período de referencia para poder acceder ao réxime de pagamento único, entre a media trienal de hectáreas que xeraron os ditos importes.

2. Cando un agricultor recibise algún dos pagamentos recollidos no artigo 47 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e non posuise hectáreas durante o período de referencia, ou o dereito de axuda por hectárea supoña un importe superior a 5.000 euros, concederáselle un dereito especial por cada 5.000 euros ou fracción do importe de referencia correspondente aos pagamentos directos que recibise no período de media trienal.

3. No ano 2006 asignaráselles dereitos provisionais aos agricultores que fosen identificados mediante a Orde APA/1171/2005, do 15 de abril. Aqueles agricultores que estean en desacordo cos datos correspondentes aos dereitos provisionais que se lles comuniquen poderán presentar, ante a autoridade competente, ata a data límite de presentación da solicitude única, alegacións, e polo menos, a información contida no anexo VI, mediante a cal se xustifiquen os motivos para un novo cálculo dos dereitos de axuda.

4. Asignaráselles dereitos definitivos, como máis tarde, o 15 de agosto de 2006:

a) Aos agricultores que tendo asignados dereitos provisionais presentasen unha solicitude de admisión ao réxime.

b) Aos agricultores que non recibisen notificación de asignación e aos que se encontran englobados no artigo 4.1.b) deste real decreto, que presentasen alegacións ou, se é o caso, a solicitude de admisión ao réxime de axuda para a dita asignación de dereitos.

c) Aos agricultores que soliciten dereitos á reserva nacional por encontrárense nalgunhas das situacións descritas no artigo 9 deste real decreto e cumpran as condicións para a asignación.

Artigo 7. *Creación de condicións artificiais.*

Sen prexuízo de calquera disposición específica contida en réximes de axuda concretos, non se efectuará ningún pagamento a ningún beneficiario cando se demostre que este creou artificialmente as condicións requiridas para a concesión de tales pagamentos, con vistas a obter unha vantaxe contraria aos obxectivos do réxime de axuda.

CAPÍTULO III

Reserva nacionalArtigo 8. *Reserva nacional.*

1. Constitúese a reserva nacional co 3 por cento dos importes de referencia despois de realizar os axustes do artigo 41.2 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e, se é o caso, coas diferenzas entre o límite máximo indicado no anexo VIII dese regulamento e a suma dos importes de referencia que se lles deben conceder aos agricultores, despois de calquera redución aplicada ao abeiro do réxime de pagamento único.

2. Polo contrario, no caso de que con menos do 3 por cento dos importes de referencia se cubran as necesidades da reserva nacional, a diferenza ata ese 3 por cento poderase utilizar para incrementar na porcentaxe adecuada o valor dos dereitos de axuda definitivos dos agricultores.

3. En 2006, no caso de que a reserva nacional non poida cubrir polo menos o 80 por cento dos importes de referencia ou o número de dereitos correspondentes nos casos a que se refiren os números 3 e 4 do artigo 42 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, aplicarase o previsto no número 7 do dito artigo.

No caso de cesión de terras arrendadas segundo o previsto no artigo 20 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, a porcentaxe mínima será do 50 por cento do número de hectáreas arrendadas.

4. Incorporaranse á reserva nacional:

a) Os importes dos dereitos dos agricultores que tendo asignados dereitos provisionais non soliciten a súa admisión ao réxime de pagamento único en 2006.

b) Os importes dos dereitos non utilizados segundo o disposto no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, salvo nos casos de forza maior e circunstancias excepcionais establecidos no artigo 40.4 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

c) Todos os importes retidos por aplicación das porcentaxes deducidas como consecuencia das vendas e cesións a que se refire o artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, realizadas de acordo co establecido neste real decreto.

d) Nos casos de venda ou arrendamento por cinco anos ou máis de toda ou parte da explotación ou dos dereitos, ou para o sector do tabaco nos arrendamentos de explotación inferiores a 5 anos con venda ao final do arrendamento, no período de referencia ou ata o 15 de maio de 2004 inclusive, integranse na reserva nacional os importes de referencia resultantes que se deben calcular ao cedente, por aplicación da cláusula de beneficio inesperado establecida no artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, e de acordo co previsto neste real decreto.

No sector do tabaco aplicarase o artigo 42.9 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, en relación co establecemento dos dereitos de axuda para investimentos de acordo co artigo 21 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004. Neste caso, o cesionario recibirá da reserva nacional un importe igual ao detraído ao cedente.

Artigo 9. *Acceso á reserva nacional.*

1. O primeiro ano de aplicación do réxime, logo de solicitude, ata a data límite para a presentación da solicitude de pagamento único, e coa información mínima establecida no anexo III, obterán dereitos de pagamento

único da reserva nacional, sempre que cumpran as condicións establecidas:

a) Os agricultores que se encontren nalgunha das situacións especiais a que se refire o artigo 42.4 do Regulamento 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e especificadas no artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, e que se relacionan a continuación:

1.º Produtores lácteos que debido a algunha das causas de forza maior do artigo 40 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, arrendasen a súa cantidade de referencia individual ou unha parte desta durante o período de doce meses anterior ao 31 de marzo de 2006 de acordo co disposto no artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

2.º Agricultores que reciban terras por mediación de herdanza real ou anticipada dun agricultor falecido ou xubilado e que as tivese arrendadas a unha terceira persoa durante o período de referencia de acordo co disposto no artigo 20 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, na porcentaxe disposta para este caso no artigo 8.3, parágrafo segundo.

3.º Agricultores que efectuasen investimentos incrementando a capacidade produtiva ou adquirisen terras ata o 15 de maio de 2004 de acordo co disposto no artigo 21 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004. Os agricultores que compraron terras ou cotas ou dereitos de prima recibirán con cargo á reserva nacional polo menos o 90 por cento dos importes de referencia e os dereitos que deriven.

Enténdese por investimentos que incrementen a capacidade produtiva aqueles que poderán dar lugar a un incremento das axudas unitarias percibidas con posterioridade á súa realización.

4.º Agricultores que arrendasen por cinco anos ou máis, entre o final do período de referencia e o 15 de maio de 2004, ou adquirisen terras arrendadas ata o 15 de maio de 2004 de acordo co disposto no artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión do 21 de abril de 2004.

5.º Agricultores que participaron en programas nacionais de reorientación da produción, durante o período de referencia e ata o 15 de maio de 2004, de acordo co disposto no artigo 23 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

6.º Agricultores lexitimados para recibir dereitos de axuda ou para aumentar o valor dos dereitos existentes por sentenzas xudiciais ou actos administrativos firmes de acordo co disposto no artigo 23 bis do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

b) Os novos agricultores que iniciasen a súa actividade agraria en 2002 ou con posterioridade pero como máis tarde o 15 de maio de 2004, que demostren que exerceron a actividade de forma continuada ata o momento da solicitude e que non recibisen axudas directas en 2002, de acordo co preceptuado no artigo 42.3 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

c) Os agricultores mozos que realizasen a súa primeira instalación a partir do 16 de maio de 2004, e que tendo solicitado a axuda á primeira instalación cumpran os requisitos exixidos de acordo co Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.

d) Os agricultores cuxas explotacións se encontren situadas en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública co obxecto de evitar o abandono de terras ou para compensar desvantaxes específicas para os agricultores nas ditas zonas, conforme o previsto no

artigo 42.5 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

2. Nos supostos previstos no artigo 18.4 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, cando os arrendamentos ou programas expiren despois da data límite para a presentación da solicitude ao abeiro do réxime de pagamento único no ano 2006, o agricultor deberá presentar, en todo caso, unha solicitude de admisión ao réxime en 2006 e poderá solicitar o pagamento dos seus dereitos de axuda ata a data límite para a presentación de solicitudes ao abeiro do réxime de pagamento único no ano seguinte ao do dito vencemento.

Artigo 10. Criterios para o cálculo e asignación de dereitos da reserva nacional.

1. En ningún caso o número de dereitos de axuda concedidos, procedentes da reserva nacional, poderá exceder do número de hectáreas polas cales o agricultor podería solicitar algunha das axudas dos réximes que se recollen no anexo I deste real decreto e respecto ás cales non existe ningún dereito de axuda.

2. Se un agricultor cumpre á vez todas ou algunhas das condicións requiridas para o inicio de actividade, herdanza, causas de forza maior ou circunstancias excepcionais ou con dereito a recibir dereitos da reserva nacional, sobre as mesmas unidades de produción, será de aplicación o disposto no artigo 5.7 deste real decreto.

3. Os importes de referencia que van considerar cos produtores lácteos que se visen afectados por un caso de forza maior ou circunstancias excepcionais das previstas no artigo 40 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, calcularanse segundo o disposto no artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

4. O modo do cálculo dos dereitos e o seu importe, para os agricultores que se encontren nunha situación especial como consecuencia de teren adquirido ou arrendado unidades de produción, como máis tarde o 15 de maio de 2004, de acordo co artigo 21 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, realizarase por diferenza entre os dereitos de axuda que, se é o caso, tivese o agricultor polas solicitudes de axuda do período de referencia e:

a) Para as terras de cultivo e o gando adquiridos ou arrendados, os dereitos e importes de referencia que resultaría de aplicar, ás solicitudes de axuda presentadas polo agricultor nos anos ou campañas comprendidas entre a data de compra ou arrendamento ata a actualidade, o protocolo de cálculo previsto no anexo VII do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e o anexo IV deste real decreto.

b) Para os oliveirais en función das oliveiras con dereitos a axuda, considerando os rendementos medios en olivas e aceite establecidos para a zona homoxénea en que se sitúe a explotación de acordo cos regulamentos comunitarios aplicables, para cada campaña do período de referencia e cos importes unitarios correspondentes á axuda aprobada nese período.

5. Nos casos en que se efectuasen investimentos con incremento da capacidade produtiva, a que se refire o artigo 21 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, antes do 15 de maio de 2004, os importes de referencia calcularanse de acordo co procedemento descrito no punto anterior para cada tipo de actividade produtiva. Os dereitos de axuda existentes incrementaríanse coa diferenza calculada.

6. Nos casos en que se efectuasen investimentos con incremento da capacidade produtiva por compra de cotas ou dereitos de prima de gando, antes do 15 de maio de 2004, os dereitos calcularanse da maneira descrita no anexo VII do

Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e o anexo IV deste real decreto.

7. Os dereitos de axuda calcularanse da forma descrita nos puntos 4, 5 e 6 cando os agricultores se encontren nunha das seguintes situacións especiais:

a) Agricultores que recibisen unha explotación de acordo coas condicións establecidas no artigo 20 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, e demostren á satisfacción da comunidade autónoma que a persoa falecida da cal procede a explotación orixinal era agricultor ou é unha persoa xubilada da actividade agraria; para estes efectos deberán xustificar ingresos procedentes da actividade agraria coas declaracións fiscais correspondentes ao ano do falecemento ou xubilación e ao anterior.

b) Agricultores que arrendasen terras cuxas condicións de arrendamento non se puidesen revisar, ou adquirisen terras arrendadas, co fin de iniciaren ou ampliaren a actividade agraria no prazo dun ano a partir do vencemento do arrendamento, de acordo co establecido no artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

c) Agricultores que participasen nun programa de reconversión da produción, segundo o estipulado no artigo 23 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

8. No caso de que o agricultor estea lexitimado para recibir dereitos de axuda ou para aumentar o valor dos dereitos existentes en virtude dunha sentenza ou dun acto administrativo firme, os dereitos calcularánselle como establece o artigo 23 bis do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

9. O número de dereitos que se atribúan consonte as situacións especiais ratearanse co fin de non superar a reserva nacional, sen prexuízo do establecido no artigo 42.7 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e dos criterios obxectivos de igualdade e de competencia que informan o dito regulamento.

10. Os dereitos da reserva nacional que se lles atribúan:

a) Aos agricultores incluídos no artigo 9.1.b) deste real decreto, determinaríanse, de acordo co establecido no artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, tomando como media rexional o valor medio do dereito na comunidade autónoma correspondente e, se é o caso, de acordo cos criterios establecidos nos puntos 4, 5 e 6.

b) A aqueles incluídos no artigo 9.1.c) de acordo co establecido no artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, tomando como media rexional o valor medio do dereito na comunidade autónoma correspondente.

11. Os agricultores situados en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública co obxecto de evitar o abandono de terras ou para compensar desvantaxes específicas para os agricultores nas ditas zonas, logo de petición, asignaráselles dereitos da reserva nacional de acordo cos criterios establecidos nos artigos 6 e 7 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

12. No caso dun incremento superior ao 20 por cento do importe unitario dos dereitos que xa se posúan, considerarase que estes proceden da reserva nacional, para os efectos previstos no artigo 42.8 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

13. Cando un agricultor non posúa ningunha hectárea ou ningún dereito de axuda, aplicaráselle o disposto no artigo 21.6 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

14. Para a determinación da media rexional a que se refire o artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, fíxase, no ámbito do Estado, o 15 de xullo de 2006.

Artigo 11. *Utilización dos dereitos de axuda.*

1. Cada dereito de axuda de pagamento único pode-rase xustificar cunha hectárea admisible situada no territorio nacional, con excepción das situadas na Comunidade Autónoma de Canarias.

2. Para os efectos de utilización dos dereitos de axuda, considerarase que se utilizaron en primeiro lugar os dereitos de retirada de terras, e a continuación os dereitos de axuda normais de maior importe. Entre os dereitos de axuda de idéntico valor considerarase a súa utilización segundo a orde de numeración que posúan. Os dereitos de axuda da reserva nacional utilizaranse en último lugar.

3. Cando un ano determinado a utilización dos dereitos non sexa do 100 por cento, para os efectos de utilización destes en anos posteriores consideraranse en primeiro lugar os dereitos xa utilizados con anterioridade, de acordo cos criterios establecidos nos números 1 e 2.

4. Os agricultores que soliciten o cobramento do pagamento único por dereitos especiais quedan exentos da obriga de establecer un número de hectáreas admisibles equivalente ao número de dereitos de axuda, coa condición de que manteñan polo menos o 50 por cento da actividade exercida no período de referencia expresada en unidades de gando maior (UGM).

Artigo 12. *Dereitos de axuda non utilizados.*

1. Todo dereito de axuda do cal non se fixese uso durante un período de tres anos incorporárase á reserva nacional, salvo en casos de forza maior ou circunstancias excepcionais.

2. Os dereitos procedentes da reserva nacional non se poderán ceder durante un período de cinco anos contado a partir da súa asignación e volverán de inmediato á reserva nacional se non se utilizan durante cada ano do período quinquenal.

CAPÍTULO IV

Cesión de dereitos

Artigo 13. *Cesión de dereitos de axuda.*

1. Os dereitos de axuda só se poderán ceder a outro agricultor establecido en España, tal e como establece o artigo 46.1 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

2. Os dereitos de axuda poderán ser obxecto de cesión polos agricultores a outros agricultores, ben en venda, arrendamento ou mediante calquera outra forma admitida en dereito, de acordo co establecido na normativa comunitaria e neste real decreto, en todo o territorio nacional.

3. De acordo co establecido no artigo 12.4 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, unicamente se poden realizar cesións definitivas de dereitos unha vez que estes se establecesen definitivamente.

4. A cesión de dereitos de axuda realizarase de acordo co disposto nos artigos 46.2 e 49.2 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e dos artigos 2.i), último parágrafo e 25.4 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

5. En caso de fraccionamento de hectáreas aplicarase o artigo 3.3 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004. En caso de fraccionamento de dereitos aplicarase o artigo 3.4 do dito regulamento.

6. Nos casos en que se cedan dereitos de axuda por retirada, o cesionario adquire a obriga de retirar as terras da produción.

7. A cesión de dereitos de axuda supeditados a condicións especiais axustarase ao disposto nos artigos 47 a 50 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

Manterán a dita condición sempre que se cedan todos os que ten un agricultor. Neste caso considerarase como unha cesión de dereitos de axuda con terras.

Se se ceden en parte convértense en dereitos normais e o cesionario non se poderá beneficiar da excepción prevista no artigo 49.2 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

Artigo 14. *Retencións.*

As retencións aplicables nas vendas son as seguintes:

1. No caso de venda de dereitos de axuda sen terras durante os tres primeiros anos de aplicación do réxime, restituírase á reserva nacional o 50 por cento do importe equivalente expresado en número de dereitos de axuda e, se é o caso, do importe do dereito de axuda restante. Posteriormente a restitución será do 30 por cento. Emporiso, as porcentaxes anteriores serán do 15 e 10 por cento respectivamente cando o comprador sexa un agricultor profesional de acordo coa definición establecida no artigo 2.5 do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño.

2. No caso de venda de dereitos de axuda con terras restituírase á reserva nacional o 5 por cento do valor de cada dereito ou o importe equivalente expresado en número de dereitos de axuda.

3. Non se aplicará ningunha retención nos seguintes supostos:

a) No caso de venda dos dereitos de axuda con toda a explotación.

b) No caso de venda dos dereitos de axuda con ou sen terras a un agricultor que inicia a actividade agraria.

c) Nos casos de compravendas realizadas de acordo co artigo 17 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

Artigo 15. *Notificación á Administración das cesións de dereitos.*

1. As cesións poderanse realizar en calquera momento do ano.

2. O cedente notificaralle a cesión dos dereitos de axuda á autoridade competente. O período de comunicación iniciarase o 1 de novembro e finalizará oito semanas antes da data límite para a presentación da solicitude única.

Entenderase que a cesión foi aceptada sen oposición se ás seis semanas desde a comunicación a autoridade competente non notificou motivadamente a súa oposición. Unicamente poderá oporse á cesión cando esta non se axuste ás disposicións do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

3. Todos os cambios de titularidade por motivo de herdanzas ou herdanzas anticipadas, fusións ou escisións e cambios de personalidade xurídica notificaránselles ás autoridades competentes, achegando, polo menos, a información que figura no anexo V, antes da data límite do

prazo de presentación da solicitude de axuda de pagamento único.

4. Poderanse ceder voluntariamente á reserva nacional todos os dereitos de axuda que non se vaian utilizar.

Artigo 16. *Beneficio inesperado.*

1. No caso de venda ou arrendamento por 5 anos ou máis da explotación ou parte dela ou dos dereitos á prima no período de referencia ou en data non posterior ao 15 de maio de 2004, ou para o sector do tabaco nos arrendamentos de explotación inferiores a 5 anos con venda ao final do arrendamento, pasarán á reserva nacional as cantidades que se citan a continuación:

a) No caso de venda, o 90 por cento do importe de referencia que se debe calcular para o vendedor de conformidade co artigo 37 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, en función das unidades de explotación e das hectáreas da explotación ou da parte da explotación cedida ou dos dereitos de prima cedidos.

b) No caso de arrendamento de cinco anos, o 50 por cento do importe de referencia que se debe calcular para o arrendador de conformidade co artigo 37 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, en función das unidades de produción e das hectáreas da explotación ou da parte da explotación cedida ou dos dereitos de prima cedidos. Se o arrendamento é por un período maior agrégase un 5 por cento por cada ano posterior sen que se supere o 20 por cento do importe de referencia.

2. De acordo co disposto no artigo 10.2 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, os dereitos de axuda que se deben establecer para o vendedor ou o arrendador calcularanse sobre os importes e as hectáreas da parte restante unha vez aplicado, segundo o caso, o punto a) ou b) do número 1 deste artigo.

3. Non se aplicará ningunha retención no caso de que, no prazo dun ano a partir da venda ou arrendamento pero non despois do 15 de maio de 2004, o vendedor ou o arrendador comprase, ou arrendase durante cinco anos ou máis, outra explotación ou parte dela.

En tal caso, o vendedor ou arrendador manterán un número de dereitos de axuda polo menos igual ao número de dereitos de axuda que o agricultor poida utilizar na nova explotación en virtude do artigo 44 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

4. Tampouco se aplicarán retencións para a reserva nacional cando se incluíse no contrato a cláusula recollida no artigo 17 ou a recollida no artigo 27 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

5. Será de aplicación o procedemento establecido no artigo 8.4.d) deste real decreto, para os agricultores incluídos no sector do tabaco.

Artigo 17. *Contratos de arrendamento.*

1. Nos contratos de arrendamento de terras, de acordo co disposto no artigo 27 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, considérase arrendamento dos dereitos de axuda con terras calquera cláusula dun contrato de arrendamento que preveña a cesión dun número de dereitos que non supere o número de hectáreas arrendadas e cumpra co establecido no número 1 do dito artigo.

2. Os dereitos de axuda e as hectáreas arrendaranse polo mesmo período de tempo.

3. O arrendador solicitará o establecemento dos dereitos de axuda da maneira prevista no artigo 27.2 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

4. O arrendatario solicitará o pagamento segundo o previsto no artigo 27.3 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

5. As solicitudes de arrendador e arrendatario presentaranse simultaneamente sempre que ambos os dous teñan que presentala na mesma comunidade autónoma.

En caso contrario a solicitude de arrendatario incluíra unha referencia á do arrendador en canto ao nome e apelidos, NIF ou CIF e código dos dereitos do arrendador.

Artigo 18. *Sistema de identificación e rexistro dos dereitos de axuda.*

1. En cumprimento do disposto no artigo 21 e disposicións concordantes do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, polo que se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, establécese, no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, un sistema de identificación de dereitos de axuda de ámbito nacional que contará cun rexistro electrónico no cal se incluírán, polo menos, os seguintes elementos:

a) Titular ou titulares do dereito, con indicación dos seus CIF ou NIF.

b) O valor dos dereitos.

c) A data de constitución de cada dereito.

d) A data da última utilización dos dereitos.

e) A orixe do dereito, segundo se relaciona no anexo II.

f) O tipo de dereito, segundo se relaciona no anexo II.

g) Nos dereitos especiais, o número de UGM do período de referencia.

2. Este sistema debe permitir verificar os dereitos e realizar comprobacións cruzadas coas solicitudes de axuda e o sistema de identificación das parcelas agrícolas, así como consultar os datos correspondentes, referidos como mínimo aos 5 anos naturais ou campañas de comercialización consecutivos anteriores.

3. A base, creada e mantida cos datos que deben achegar as comunidades autónomas, estará dispoñible para cada unha delas de forma que poidan efectuar a xestión relativa ao réxime de pagamento único.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude da competencia exclusiva do Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, establecida no artigo 149.1.13.ª da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e aplicación.*

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación ditará, no ámbito da súa competencia, as disposicións e adoptaranse as medidas necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

En particular, facúltase o ministro para modificar as datas a que se refire este real decreto, así como os anexos.

Así mesmo, facúltase o ministro para establecer anualmente os límites máximos que se consideren necesarios, en volume ou porcentaxe, de cesións de dereitos de agricultores de cada comunidade autónoma cara a

outras, co fin de que non se produzan desequilibrios territoriais significativos entre as distintas comunidades autónomas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Porcentaxes de axuda que se integran no pagamento único

Liña de axuda	Porcentaxe ou importe
Cereais	75%
Oleaxinosas	75%
Proteaxinosas	75%
Liño (técnico e non técnico) e cânabo	75%
Suplemento trigo duro	75%
Retirada voluntaria de terras	75%
Retirada obrigatoria de terras	100%
Leguminosas gran	100%
Arroz	647,70 eur/ha
Aceite de oliva	93,61*%
Forraxes desecadas	100%
Pataca para fécula	40%
Lúpulo	100%
Tabaco	38%
Algodón	1.358 eur/ha
Vacún de carne.	
Prima especial vacún macho	93%
Sacrificio de adultos	60%
Pagamento por extensificación	93%
Pagamentos adicionais	93%
Ovino e caprino.	
Prima base	50%
Prima complementaria	50%
Pagamentos adicionais	100%
Prima láctea e pagamentos adicionais	90%

* Para os agricultores cuxo número medio de hectáreas-SIG oleícola durante o período de referencia sexa inferior a 0,3, o dito coeficiente será do 100 por cento.

ANEXO II

Clasificación de dereitos de axuda de pagamento único

1. En función das súas características:

a) Dereitos de axuda normais: obteranos os agricultores/gandeiros que obtivesen pagamentos directos no período de referencia por algún réxime de axuda no cal sexa necesario declarar superficies na súa solicitude de axuda.

b) Dereitos de axuda especiais: obteranos os agricultores/gandeiros que obtiveron pagamentos directos no período de referencia única e exclusivamente por algún dos réximes de axuda que se citan no artigo 47 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

c) Dereitos de axuda por retirada de terras da produción: obteranos os agricultores/gandeiros que no período

de referencia estiveron obrigados a retirar da produción unha parte das terras da súa explotación.

2. En función da súa orixe:

a) Dereitos procedentes da asignación inicial. Aqueles que se lles asignan aos agricultores que obtiveron pagamentos no período de referencia tras a resolución da asignación definitiva de dereitos.

Pola súa vez estes dereitos de axuda poden clasificarse segundo o número 1.

b) Dereitos procedentes da reserva nacional. Aqueles que se lles asignan aos agricultores que solicitan dereitos da reserva.

ANEXO III

Documentación acreditativa dos solicitantes á reserva nacional

Con carácter xeral, os solicitantes deberán relacionar detalladamente todas e cada unha das parcelas da súa explotación de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e no Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

En particular:

1. Produtores lácteos.

Fotocopia de NIF ou CIF.

Se é o caso, copia do documento que xustifique a concorrencia dunha situación de forza maior presentado ante a autoridade competente.

Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou

Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria. (Signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización.)

2. Agricultores que recibiron terras dun agricultor xubilado ou falecido que tiña as terras arrendadas a outra persoa.

Fotocopia de NIF ou CIF.

Documento público ou privado, que faga fe, de cesión.

Testamento, declaración de herdeiros ab intestato ou acta de notoriedade ou, se é o caso, escritura de partición ou de manifestación de herdanza.

Se se trata de animais, copia do libro de rexistro da explotación.

Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou

Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria. (Signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización.)

3. Agricultores que efectuasen investimentos ou adquirisen terras.

Fotocopia de NIF ou CIF.

Documento de compravenda que faga fe.

No caso de investimentos na capacidade produtiva, documentación que acredite o investimento.

Se se trata de animais, copia do libro de rexistro.

Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou

Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia

Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria. (Signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización.)

4. Agricultores que arrendasen ou adquirisen terras arrendadas.

Fotocopia de NIF ou CIF.

Documento, que faga fe, da compravenda ou do arrendamento,

Se se trata de animais, copia do libro de rexistro.

Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou

Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria. (Signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización.)

5. Agricultores que participaron en programas nacionais de reorientación da produción.

Fotocopia de NIF ou CIF.

Identificación da disposición e, se é o caso, da resolución administrativa pola cal se aprobou o programa e da participación nel.

Se se trata de animais, copia do libro de rexistro.

Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou

Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria. (Signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización.)

6. Agricultores lexitimados para recibir dereitos de axuda ou para aumentar o valor dos dereitos existentes, por sentenzas xudiciais ou actos administrativos firmes.

Fotocopia de NIF ou CIF.

Copia da sentenza ou do acto administrativo firme.

Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou

Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria. (Signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización.)

7. Agricultores que iniciasen a súa actividade agraria despois do 31 de decembro de 2002, ou en 2002, pero sen recibir axudas directas.

Fotocopia de NIF ou CIF.

Documentos acreditativos do inicio da actividade.

Se se trata de animais, copia do libro de rexistro.

Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou

Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria. (Signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización.)

8. Agricultores que se encontren en zonas destinadas a zonas de reestruturación ou de desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública.

Fotocopia de NIF ou CIF.

Xustificación, en cada caso, da circunstancia relativa á súa explotación dentro da zona.

Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou

Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a

certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria. (Signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización.)

9. Agricultores que se encontren nalgunha das situacións mencionadas nos artigos 20, 22 e 23 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

Fotocopia de NIF ou CIF.

Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou

Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria. (Signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización.)

Copia do contrato de arrendamento ou documento, se é o caso, en que conste a súa data de finalización e o número de hectáreas arrendadas.

ANEXO IV

Cálculo dos importes, superficies e animais de referencia

Cereais, oleaxinosas, proteaxinosas e liño e cânabo non téxtil: de acordo co previsto na letra A do anexo VII do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, o rendemento que se vai ter en conta para o cálculo dos importes será o determinado no plan de rexionalización para a rexión que se trate en relación co ano 2002, polo cal o rendemento asignado a cada parcela se obterá do anexo I do Real decreto 1893/1999, do 10 de decembro, sobre pagamentos por superficie a determinados produtos agrícolas, modificado polo Real decreto 140/2002, do 1 de febreiro, tendo en conta os seguintes parámetros:

a) Secaño: tomarase o rendemento de secaño.

b) Regadío: Proteaxinosas e retirada voluntaria: tomarase o rendemento de regadío (medio). Para o resto dos casos: tomarase o rendemento «Outros cereais».

Millo: terase en conta a superficie determinada que se axustará segundo o seguinte cadro. O rendemento será o do millo do plan de rexionalización 2002.

C. A.	Coef. reducción 2000	Coef. reducción 2001	Coef. reducción 2002
1. Andalucía	0.9773	0.7740	0.7634
2. Aragón	0.9773	0.7740	1
3. Asturias	0.9773	0.7740	1
4. Baleares	0.9773	0.7740	1
5. Canarias	0.9773	0.7740	1
6. Cantabria	0.9773	0.7740	0.6027
7. Castilla-La Mancha	0.9773	0.7740	0.9538
8. Castilla y León	0.9773	0.7740	0.7716
9. Cataluña	0.9773	0.7740	0.8126
10. Extremadura	0.9773	0.7740	0.9676
11. Galicia	0.9773	0.7740	1
12. Madrid	0.9773	0.7740	0.9754
13. Murcia	0.9773	0.7740	1
14. Navarra	0.9773	0.7740	1
15. País vasco	0.9773	0.7740	1
16. La Rioja	0.9773	0.7740	1
17. C. Valenciana	0.9773	0.7740	1

Liño téxtil e cânabo: o rendemento obterase do plan de rexionalización 2002 tendo en conta que en secaño se

tomará o rendemento de secaño e en regadío o rendemento Outros cereais.

Retirada obrigatoria: o rendemento obterase do plan de rexionalización 2002 tendo en conta que en secaño se utilizará o rendemento de secaño e en regadío o de idéntico nome.

Suplemento trigo duro: a superficie de suplemento de trigo duro non se terá en conta para o número de dereitos.

Leguminosas de consumo humano: os importes calcularanse segundo o anexo VII do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, de 29 de setembro de 2003.

Leguminosas de consumo animal: os importes que se utilizarán serán os da seguinte táboa:

Campaña	Importe unitario (euros/ha)
2000	175,02
2001	176,60
2002	150,52

Arroz: aplicaráselles aos importes os coeficientes de penalización indicados a continuación:

Campaña	Porc. de redución
2000	7,32 %
2001	7,42 %
2002	5,48 %

Forraxes deshidratadas e secadas ao sol: o factor de corrección utilizado é provisionalmente o que a continuación se indica:

Produto	Importes máximos	Producións nacionais garantidas	Producións declaradas	Importe unitario	Factor
FD ..	42.124.000 €	1.224.000 t	1.931.700,74 t	34,4150 €/t	0,6336
FS ..	1.951.000 €	101.000 t	154.672,403 t	19,3168 €/t	0,6529

Aceite: o importe obterase tendo en conta os importes de axuda recibidos polo agricultor nas campañas 1999/2000, 2000/2001, 2001/2002 e 2002/2003 (produción por importe unitario).

Tabaco: o importe unitario será particular para cada beneficiario e obterase como o cociente entre a media dos importes do período de referencia e a media da produción do período de referencia.

Gandaría: o importe de cada produtor obtense multiplicando o número de animais polo importe unitario da prima correspondente. No caso dos animais da prima especial da campaña 2002, o número de animais primables aumentarase nun 10,95 por cento e o importe de pagamento adicional incrementarase un 300,9 por cento en 2000 e un 149,77 por cento en 2001.

Superficie forraxeira: empregarase a superficie determinada no ano 2005. En caso de que a superficie forraxeira de 2005 non sexa suficiente para xustificar as axudas do período de referencia, utilizarase a superficie forraxeira do período de referencia.

Prima láctea e pagamentos adicionais: o importe de cada produtor calcularase de acordo co establecido nos artigos 95 e 96 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e o Real decreto 543/2004, do 13 de abril, polo que se regulan determinadas axudas directas comunitarias ao sector lácteo para os anos 2004, 2005 e 2006.

ANEXO V**Cesión de dereitos de axuda**DATOS DO CEDENTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:

NIF/CIF:

IDENTIFICACIÓN DOS DEREITOS CEDIDOS

1.- (%)

2.- (%)

3.- (%)

4.- (%)

5.- (%)

6.- (%)

7.- (%)

8.- (%)

9.- (%)

10.- (%)

DATA DA CESIÓN:

SINATURA DO/A CEDENTE

DATOS DO/A CESIONARIO/A

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:

NIF/CIF:

SINATURA DO/A CESIONARIO/A

MOTIVO DA CESIÓN (Marcar o que proceda)Herdanza Cambio denominación Compravenda Arrendamento Fusión Escisión Devolución voluntaria á reserva nacional Outros (Indicar o motivo ou circunstancias)

NOTA: cubrir tantas follas como sexan necesarias ao número de dereitos cedidos

ANEXO VI**Alegacións á asignación provisional de dereitos de pagamento único**

D./D.^a con DNI*
 Domicilio Localidade Provincia
 C.P. Tfno.

EXPÓN

Que non está de acordo coa asignación provisional de dereitos de pagamento único polos seguintes motivos (marcar o que proceda):

- Non se lle notificaron dereitos provisionais
- Existen erros materiais (omisións, de cálculo, etc...) nos dereitos provisionais comunicados (xustificar o solicitado coa información requirida pola comunidade autónoma)
- A superficie forraxeira (solicita que se teña en conta a superficie do período de referencia)
- Produciuse un cambio na titularidade nos dereitos provisionais comunicados como consecuencia de: (Para cada caso, ademais entregárase polo menos a información requirida no anexo adecuado a cada situación publicado na Orde APA/1171/2005, do 15 de abril)
- Herdanza
- Fusión
- Escisión
- Cambio de personalidade xurídica
- Compravenda
- Outros motivos (indicar):

.....

SOLICITUDE

Quen asina solicita que se lle realice unha asignación definitiva dos dereitos de axuda de pagamento único conforme o exposto, para o cal entrega a documentación necesaria
 En, o de de 2005

Asdo.

* No caso de estranxeiros, deberase consignar o NIE ou, no seu defecto, o número de pasaporte.